



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



**Circular 12/2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de danza establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.**



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



### 1.- Introducción.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no capítulo VI do título I as ensinanzas artísticas de réxime especial, e establece no artigo 45 que son ensinanzas artísticas as ensinanzas elementais de danza así como as ensinanzas artísticas profesionais.

Neste marco, o Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza.

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, fixa o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e dispón no capítulo VII, artigo 20 que no ano escolar 2007-2008 implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas elementais de danza así como os catro primeiros cursos das ensinanzas profesionais de danza quedando extinguidos os dous primeiros ciclos das ensinanzas do grao medio vixente ata ese momento. Asemade, no ano académico 2008-2009 implantaranse os cursos quintos e sexto das ensinanzas profesionais de danza e quedará extinguido o terceiro ciclo das ensinanzas do grao medio vixentes ata ese momento.

Tendo en conta que na actualidade está en proceso de tramitación o novo decreto que establece a ordenación das ensinanzas de danza de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, e considerando asemade a necesidade de lle proporcionar información ao alumnado sobre os aspectos máis salientables da nova ordenación destas ensinanzas, cómpre establecer as seguintes instrucións para o curso 2007-2008.

En consecuencia, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións.

### 2.- Aplicación.

As seguintes instrucións serán de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, nos conservatorios de danza e nos centros autorizados de danza que contén coa autorización para a impartición do grao elemental e profesional de danza.

### 3.- Grao elemental.

O grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza promoverá a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión



musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

### **3.1.- Materias e tempos lectivos.**

As ensinanzas elementais de danza orgánzanse nas materias seguintes:

<b>Materia</b>	<b>Tempo semanal</b>
<b>1º curso</b>	
Danza clásica	180 minutos
Danza de carácter	60 minutos
Música	60 minutos
<b>2º curso</b>	
Danza clásica	300 minutos
Danza de carácter	60 minutos
Música	60 minutos
<b>3º curso</b>	
Danza clásica	420 minutos
Danza galega	60 minutos
Música	60 minutos
<b>4º curso</b>	
Danza clásica	480 minutos
Introdución á danza española e ao baile flamenco	60 minutos
Introdución á danza contemporánea	60 minutos
Música	60 minutos

### **4.- Grao profesional.**

As ensinanzas profesionais de danza, teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da danza.

A finalidade das ensinanzas profesionais de danza ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.



A ensinanza da danza no grao profesional organízase nun grao de seis cursos de duración.

#### 4.1.- Materias.

As ensinanzas profesionais de danza organízanse nas materias seguintes:

1. Materias comúns a todas as especialidades:

- a) Música.
- b) Danza galega.
- c) Acondicionamento físico.
- d) Anatomía aplicada á danza.
- e) Historia da danza.

2. Materias propias das especialidades:

- a) Danza clásica: danza clásica; danza de carácter; danza contemporánea; repertorio; pantomima e interpretación; paso a dous.
- b) Danza contemporánea: danza clásica; técnicas de danza contemporánea; improvisación.
- c) Danza española: danza clásica; escola *bolera*; flamenco; danza estilizada; folclore; danza contemporánea; repertorio de danza española.

A ordenación das materias dos grao profesional, segundo as distintas especialidades, e os tempos lectivos semanais son os seguintes:

#### Especialidade de danza clásica.

<b>MATERIAS</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>
Danza clásica	11	11	11	10
Danza galega	1			
Danza de carácter		1		
Danza contemporánea		1	2	2,5
Música	1	1	1	1,5



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfpes@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



Acondicionamento físico	1	1	1	1
Repertorio			2,5	2,5
Pantomima e interpretación				1
Paso a dous				
Anatomía aplicada á danza				
Historia da danza				
Optativa 1				
Optativa 2				
Total horas: (110 horas)	14	15	17,5	18,5

## Especialidade de danza contemporánea.

<b>MATERIAS</b>				
	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>
Danza clásica	6	6	7	6
Técnica de danza contemporánea	4	5	6,5	8
Danza galega	1			
Música	1	1	1	1,5
Improvisación	1	2	2	2
Acondicionamento físico	1	1	1	1
Anatomía aplicada á danza				
Historia da danza				
Optativa 1				
Optativa 2				
Total horas: (110 horas)	14	15	17,5	18,5

## Especialidade de danza española.

<b>MATERIAS</b>				
	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>
Danza clásica	7	7	7	6,5
Escola <i>bolera</i>	2,5	3	3,5	3



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



Flamenco	1,5	1,5	2	2
Danza galega	1			
Música	1	1	1	1,5
Acondicionamento físico	1	1	1	1
Danza estilizada		1,5	2	3,5
Folclore			1	1
Danza contemporánea				
Anatomía aplicada á danza				
Historia da danza				
Repertorio de danza española				
Optativa 1				
Optativa 2				
Total horas: (110 horas)	14	15	17,5	18,5

**5.- Implantación do grao elemental e incorporación a este do alumnado que estea a cursar as ensinanzas reguladas polo Real decreto 755/1992, do 26 de xuño.**

En cumprimento do establecido no artigo 20 do Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ano académico 2007-2008 implantaranse os catro cursos do grao elemental e deixarán de impartirse as ensinanzas do grao elemental de danza reguladas polo Real decreto 755/1992, do 26 de xuño, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo do grao elemental das ensinanzas de danza.

O alumnado procedente do plan de estudos regulado polo Real decreto 755/1992, do 26 de xuño, incorporárase ao curso que lle corresponda segundo a nova ordenación establecida neste decreto.

**6.- Equivalencia entre as ensinanzas do grao elemental e as reguladas polo Real decreto 755/1992, do 26 de xuño.**

En cumprimento do establecido no artigo 20 do Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as certificacións acreditativas do grao elemental de danza do plan de estudos regulado polo Real decreto 755/1992, do 26 de xuño, terán os mesmos efectos que as certificacións ás que fai referencia o artigo 15 do presente decreto.

Para estes efectos, as equivalencias entre as ensinanzas do grao elemental recollidas neste decreto e as establecidas polo Real decreto 755/1992, do 26 de xuño, son as seguintes:

<i>Ensinanzas de grao elemental</i>	<i>Ensinanzas reguladas polo Real decreto 755/1992, do 26 de xuño</i>
1º curso do grao elemental	1º curso do grao elemental
2º curso do grao elemental	2º curso do grao elemental
3º curso do grao elemental	3º curso do grao elemental
4º curso do grao elemental	4º curso do grao elemental

#### **7.- Incorporación do alumnado de grao elemental procedente de plans de estudos anteriores con materias pendentes.**

Cando un alumno ou unha alumna teñan non superadas dúas ou máis materias do curso que estean a realizar das ensinanzas establecidas no Real decreto 755/1992, do 26 de xuño, incorporaranse ao mesmo curso das ensinanzas reguladas pola nova ordenación, que deberán realizar completo.

Así mesmo, cando se teña cualificación negativa nunha materia do curso que se estea a realizar das ensinanzas establecidas no Real decreto 755/1992, do 26 de xuño, incorporaranse ao curso seguinte das ensinanzas da nova ordenación.

En relación co parágrafo anterior, a equivalencia das materias do grao elemental dispostas no Decreto 260/1994, do 29 de xullo, polo que se



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



establece o currículo do grao elemental das ensinanzas de danza con distinta denominación ás establecidas na presente ordenación son:

<i>Ensinanzas reguladas polo Decreto 260/1994, do 29 de xullo</i>	<i>Ensinanzas do grao elemental</i>
Danza de carácter 3º	Danza galega
Danza de carácter 4º	Introdución á danza española e ao baile flamenco.

#### **8.- Incorporación de alumnado de grao profesional procedente de plans anteriores con materias pendentes.**

Sen prexuízo das equivalencias establecidas no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando un alumno ou unha alumna non superaran dúas ou máis materias do curso que estean a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeneral do sistema educativo, incorporaranse ao mesmo curso das ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que deberán realizar completo.

Así mesmo, cando un alumno o unha alumna teñan cualificación negativa nunha materia do curso que estean a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro de ordenación xeral do sistema educativo, incorporaranse ao curso seguinte das ensinanzas reguladas por la Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

#### **9.- Vixencia do Decreto 9/2002, do 10 de xaneiro, polo que se establece o currículo do grao medio das ensinanzas de danza e o acceso ao devandito grao.**

Ata a implantación da nova ordenación das ensinanzas profesionais de danza, consonte o disposto no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estas ensinanzas rexeranse polo establecido no Decreto 9/2002, do 10 de





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



xaneiro, polo que se establece o currículo do grao medio das ensinanzas de danza e o acceso ao devandito grao.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2007  
O Director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

P.O.:

  
  
Asunción Vázquez Vázquez